

## ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO DA CORPORACIÓN, DO 9 DE MARZO DE 2018

Na Casa do Concello de Silleda, ás dez horas do día nove **(9) de Marzo** do ano dous mil dezaioito (**2018**), reúnese o Pleno da Corporación, en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

### ASISTENTES:

**PRESIDENTE:** D. Manuel Cuíña Fernández, (PsdeG-PSOE)

### CONCELLEIROS:

D. Kaus Brey Montana

D<sup>a</sup>. Ana Luísa González Costa, (PsdeG-PSOE)

D. Jesús Taboada Lázara, (PsdeG-PSOE)

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Pilar Peón Iglesias, (PSdeG-PSOE)

D. Manuel Iglesias, (PSdeG-PSOE)

D. Benito Saavedra Vazquez

D. José Luís Espiño Espantoso, (PP)

D. Ignacio Maríl Pardo, (PP)

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Folla González (PP)

D<sup>a</sup>. Natalia Iglesias Mendez

D. Matías Rodríguez da Torre, (BNG)

Non asiste: D. José Antonio Ramos Dobarro (PP).

INTERVENTOR: Leopoldo Moure Dopico.

SECRETARIO XERAL: Manuel Quintáns Queiruga, Secretario do concello, que da fe do acto.

-----

### 1. Dar conta da Liquidación do Exercico do 2017.

Dáse conta..., segundo o desglose que consta en Intervención, incorporado así mesmo a Gestiona, comezando a posterior tramitación da Conta Xeral, co dítame da Comisión de Contas, exposición ó público, aprobación plenaria e a final remisión ao Consello de Contas para a súa fiscalización.

### 2. ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO DO ANO 2018.

### INTERVENCIONS:

O Sr. Alcalde fai una introdución e explicación detallada do contido dos Orzamentos.

**Voceiro PP:** se felicita polo traballo do Interventor, pero recorda que se demostra que existía un erro grave de 125.000 € coma ven asegurando este voceiro...Sinala que os gastos e os investimentos están no mesmo nivel do 2017, e sobre todo está condicionada a inversión orzamentaria pola subvención da Deputación nas 2 actuacións mais importantes. Considera que eran prioritarias outras, resultando desproporcionado o C. Fútbol Bandeira, que está ben, pero quedan outras tarefas pendentes: Plan Emprego, Turismo, Mantemento CEIP, por ex. Estes Orzamentos son unha oportunidade perdida, sostén. Por outra banda, contrasta o esforzo fiscal, o afán recadatorio, que supón unha carga fiscal para os veciños. Mentres o IAE se reduce, outros aumentan, as sancións de tráfico, o Imposto de Plus-Valía, e se pregunta polas taxas e limpeza dos espazos públicos, polo mantemento do CEIP, polas taxas da venda ambulante e os servizos deportivos que tamén se incrementan.

**Alcalde:** interrompe a sesión para recriminar o voceiro popular que falar de “*gravísimo erro*”, resulta insultante en canto se questione desa maneira o traballo dos técnicos, xa que si houbo tal erro sería de todo o mundo, de todos. Pide o Secretario que conste en Acta este incidente, cunha 1ª advertencia... *Está advertido Sr. Voceiro, sinala...*

**Voceiro BNG:** pide que se faga política, sen demagogia. Cualifica os Orzamentos coma insuficientes, lembra que os apoiaron fai 2 anos e desexaría que se incluíran algunhas propostas súas, aínda que non fora ao 100%, bastaría con que existira vontade, e nin sequera está esbozado, por exemplo mediante partidas plurianuais para o saneamento nos núcleos rurais, o que volve a defender sostendo que a situación actual é terceiromundista, que se trata dunha necesidade básica, e que hai fórmulas alternativas, coma o saneamento biolóxico, por exemplo. Sostén que lle corresponde a Xunta, como defende o Alcalde, pero tamén o concello é responsable. Ademais do saneamento insiste nas súas propostas: rexeneración urbana, espazos públicos, zonas verdes, convocar unha comisión urbanística para tratar eses temas. Repite a demanda de que a oposición participe nos Orzamentos, polo que, en definitiva, este Proxecto adocece desas inversións. Sinala que está en contra da supresión do Fondo de Continxencias, xa que lle parece unha boa idea a súa existencia. En canto a Escola Infantil hai que poñer énfase en que está para educar, que non é unha Gardería. Defende que si é necesario que se recorra contra a Xunta polo diñeiro que reclama aos concellos para a súa financiación, alegando que queren cobrar mas diñeiro e dan peor servizo que unha privada. E sae mais barato as Escolas Infantís Municipais, que hai en outros concellos, aínda que isto tampouco debería ser un reino de taifas. Nese senso amosa o seu claro apoio si se presentara algunha demanda municipal.

**Alcalde:** dicimos que si a subvención tanto do Inega coma da Deputación. No caso do Campo de Fútbol hai que recordar que tamén se vai urbanizar o entorno. O

fundamental é que había unha subvención que non se podía desaproveitar, senón perderíamos esas inversións. E temos que poñer o 20 %, o que supón uns recursos que, claro que condicionan os gastos do orzamento. Sobre as críticas do PP, rexeita esa afirmación de que se trata dunha oportunidade perdida, en absoluto, sobre o emprego vai be, véxase o índice de paro, sobre o mantemento do CEIP sempre será insuficiente, sobre o aumento de carga fiscal, non é certo, e, ademais, me permito lembrar a bonificación do 96 % do IBI o sector agropecuario, algo que se fai en Silleda e non noutros concellos. É de *coña* que veña a falar aquí da carga fiscal co caso das multas de tráfico. Increíble. Para empezar as multas as pon a Policía non o Alcalde e tódolos anos se xestiona igual no caso da festa da empanada. Mais de "*coña*" cando aquí se quitaban multas aos amigos, algo que nunca fixo este Alcalde. Sobes as Plus-Valias non hai ningún aumento, se segue cobrando a mesma media, uns 7/8 millóns/ano. Non houbo modificación algunha das taxas das instalacións deportivas. Neste das taxas primeiro se criticaba que había que cobrar algunhas e agora que se cobran tamén. Na venda ambulante, por riba, foron pedidas polos propios comerciantes., e negociados, cun acordo total. Sobre o que dixo da varredora non hai ningunha incidencia dos gastos de persoal. Cre que está a facer un bo traballo e que as rúas están limpas. O BNG lle sinala unha relación das inversións que se fixeron nos núcleos rural, e que cita pormenorizadamente, reiterando que lle corresponde a Xunta acometer esa inversión.

**Voceiro BNG:** comenta que o Alcalde falou de abastecemento, pero non de saneamento e insiste que si hai de onde sacar o diñeiro

**Voceiro PP:** non faltamos o respecto a nade. Só dixemos que había un erro de 125.000. Polo tanto non se esta mentindo nin faltando o respecto a ninguén. Insiste que hai afán recadatorio, por moito que o Alcalde o negue. Si que hai sancións excesivas na festa da empanada. Na Plus-Valia os ingresos reais ascenden a 30.000 €, polo que se aumenta a presión fiscal. Insiste no tema do emprego e que non hai plans ambiciosos, pero Vde. Está contento, bueno... O Alcalde está contento co CEIP e non chegan as partidas... Fai falta mais diñeiro para o mantemento do CEIP. Por elo, resume que non se gasta o necesario, polo que estes Orzamentos son unha oportunidade perdida, insiste.

**Alcalde:** as multas da festa da empanada as decide a Policía Local e no aparcamento da feira, punto.

**VOTACION:** se acorda aprobar os Orzamentos para o exercicio do 2018, por 7 votos a favor (PSOE), catro en contra (PP) e una abstención (BNG), e segundo a documentación que consta no expediente.

- 1) Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio do ano 2018. O seu resumo, é como segue:

<b>ESTADO DE INGRESOS</b>			
<b>Cap.</b>	<b>Descripción</b>	<b>Consignación</b>	<b>( % )</b>
	<b>A) OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>5.924.556,59</b>	<b>75,96%</b>
1	IMPUESTOS DIRECTOS	1.898.000,00	24,33%
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	80.000,00	1,03%
3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	1.216.776,21	15,60%
4	TRANSFERENCIA CORRIENTES	2.729.780,38	35,00%
	<b>INGRESOS PATRIMONIALES</b>	<b>1.871.943,41</b>	<b>24,00%</b>
6	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS	0,00	0,00%
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.871.943,41	24,00%
	<b>C) OPERACIÓNS FINANCIEIRAS</b>	<b>3.500,00</b>	<b>0,04%</b>
8	ACTIVOS FINANCEIROS.	3.500,00	0,04%
9	PASIVOS FINANCEIROS.	0,00	0,00%
	<b>TOTAL</b>	<b>7.800.000,00</b>	<b>100,00%</b>

<b>ESTADO DE GASTOS</b>			
<b>Cap.</b>	<b>Descripción</b>	<b>Consignación</b>	<b>( % )</b>
	<b>A) OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>5.484.600,00</b>	<b>70,32%</b>
1	GASTOS DE PERSOAL.	2.226.000,00	28,54%
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS.	2.914.600,00	37,37%
3	GASTOS FINANCEIROS.	37.000,00	0,47%
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES.	307.000,00	3,94%
	<b>B) OPERACIÓNS CAPITAL</b>	<b>2.013.400,00</b>	<b>25,81%</b>
6	INVESTIMENTOS REAIS.	2.013.400,00	25,81%
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00%
	<b>C) OPERACIÓNS FINANCIEIRAS</b>	<b>302.000,00</b>	<b>3,87%</b>
8	ACTIVOS FINANCEIROS.	12.000,00	0,15%
9	PASIVOS FINANCEIROS.	290.000,00	3,72%
	<b>TOTAL</b>	<b>7.800.000,00</b>	<b>100,00%</b>

- 2) Aprobar, igualmente, as Bases de execución do orzamento.

- 3) Aprobar o cadro de persoal segundo o seguinte:

<b>1.- POSTOS DE TRABAJO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA</b>				
	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>NÚMERO</b>	<b>VACANTES</b>	<b>GRUPO</b>
1.- HABILITACIÓN DE CARÁCTER ESTATAL				
	1.1. Secretario	1	0	A1
	1.2 Interventor	1	0	A1
2.- ESCALA DE ADMÓN. XERAL				

	Administrativos	2	1	C1
	Auxiliares Administrativos	4	1	C2
<b>3.- ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL</b>				
	Aparellador	1	0	A2
	Inspector Policía Local	1	0	A2
	Oficial Policía Local	1	1	C1
	Policía Local	8	2	C1
	Oficial	2	1	C2
	Operario	1	1	E
<b>2.- POSTOS DE TRABAJO SUXEITOS A LEXISLACIÓN LABORAL 2017.</b>				
<b>B.1.- PERSOAL LABORAL FIXO:</b>				
	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>NÚMERO</b>	<b>VACANTES</b>	<b>SITUACIÓN</b>
	Técnico Medio	1		Laboral Fixo
	Administrativo	1		Laboral Fixo
	Abogado	1		Indefinido
	Administrativo	2	1	Indefinido
	Arquitecto	1		Indefinido
	Auxiliar Administrativo	9	2	Indefinido
	Auxiliar de Protección Civil	1		Indefinido
	Conductor	1		Indefinido
	Conserxe	3	1	Indefinido
	Encargado	2	1	Indefinido
	Entrenador	1	1	Indefinido
	Oficial 1ª	7	3	Indefinido
	Peón	19	8	Indefinido
	Psicólogo	2		Indefinido
	Subalterno	5		Indefinido
	Técnico Medio	4		Indefinido
	Técnico en Protección Civil	1		Indefinido
	Técnico Superior	2		Indefinido
	Capataz Servicio de Augas	1		Indefinido
	Oficial 1ª Servicio de Augas	1		Indefinido
	Oficial 3ª Servicio de Augas	2		Indefinido
	Aux. Admo. Servicio de Augas	1		Indefinido
<b>B.2.- PERSOAL EVENTUAL:</b>				
	Xefe de Prensa e Protocolo	1		

- 4) Que se expoña ó público por prazo de 15 días hábiles, trala publicación no Boletín Oficial da Provincia, para efectos de exame e reclamacións, conxuntamente co cadro de persoal.

- 5) Que no suposto de non presentarse reclamacións, considérase definitivamente aprobado e entrará en vigor unha vez que se cumpra o trámite da súa publicación definitiva, resumido por capítulos

### 3. Aprobación do teito de gasto.

Dáse conta:

#### Ó PLENO DA CORPORACIÓN

O artigo 30 da “Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera” establece no seu artigo 30 “El Estado, las Comunidades Autónomas y las Corporaciones Locales aprobarán, en sus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto no financiero, coherente con el objetivo de estabilidad presupuestaria y la regla de gasto, que marcará el techo de asignación de recursos de sus Presupuestos”.

**Visto** o informe de intervención 11/2018 no que se recolle como gasto máximo coherente co principio de estabilidade e coa regra de gasto 5.255.194,71 € propoño ao Pleno.

Primeiro: Aprobar o teito de gasto para 2018 cun importe de 5.255.194,71.

Por unanimidade, sen debate, se aproba a PROPOSTA de fixar o teito de gasto para o 2018 cun importe de 5.255.194,71€.

.

-----

Seguidamente o Sr. Alcalde indica que da por rematada a sesión.

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 11-15 horas do 9 de Marzo de 2018, do que, eu, o Secretario, dou fe.

SECRETARIO

Manuel Quintans Queiruga